

# DERRITAXES

---

NÚMERO 0 / Decembro 2007

*Á procura dunha procura*



*Derritaxes*, <http://derritaxes.proxectoderriba.org>

ISSN: 1988-9089



**Proxecto derriba Edicións**

*Galiza*

Info: [derritaxes@proxectoderriba.org](mailto:derritaxes@proxectoderriba.org)

## EDITORIAL

### *Á procura dunha procura*

---

Para Paco Vidarte

*Ich hasse Euch.* Kaspar Hauser

Poderíase conta-la historia daquelas comunidades que fixeron un traballo colectivo a prol dun espazo común, non só pero dun xeito salinetábel, vencellado a unha escrita. Que alén dos límites entre disciplinas e institucións, non perderon o paso (de lobo) fronte a violencia constitutiva do humano, tratando de atopar liñas de fuga que escapen a tolemia do cotiá. Máis non é tempo de historiografías, que cadaquén se escolla na súa herdanza.


**Derritaxes** quere, ao seu xeito, procurar unha comunidade na exterioridade do sentido, quizáis só para testimoniaren a fractura da que ela mesma é un efecto. Quere dar voltas arredor do gozo e, particularmente, dese gozo tan peculiar que é o sentido. O sentido, o gozo primordial da filosofía, é o máis inútil de todo. Por eso é o lugar privilexiado da plusvalía. A derradeira fantasía da economía libidinal que é o capitalismo. A dificultade entón, consite en moverse entre a repetición creadora do *pulo de morte* freudiano, e o plus-de-gozo da reterritorialización capitalista que fai da destrución/reconstrución o seu mellor negocio.

Capitalismo, xa que logo, que se mostra inerme a crítica, que no seu movemento queda atrapada por aquilo mesmo que quere criticar. Aquelo do que por máis que fora consciente mesmo Marx non puido evitar. Esta inercia só puido ser desplazada mediante operacións sofisticadas coma a deconstrución ou a esquizo-análise, que se por unha banda puideron sortear esta trampa, só puideron albiscar posibilidades e advertir sobre aquela outra que non puideron obviar: se a súa sofisticación impediu, polo xeral, a súa reterritorialización, quedou presa nunha economía productiva de recursos ilimitados. O que sinala o problema fundamental dunha ecoloxía social de recursos escasos: cómo dispór de enerxía, sen gastar no proceso máis enerxía da que se produce.

Perante esta situación, e antes de sucumbirmos ao *spleen* social, cómpre abrir vieiros para investigar qué pulos son os que poden alenta-lo acontecemento nas sociedades do capitalismo tardío operando no seu suplemento cultural, a posmodernidade. Semella inevitábel contar cun espazo social e co artellamento da rede, así como coa renuncia expresa ao lucro no eido da cultura, e a calquera identidade que lle dé soporte.

Nada máis conta aquí que dispór de diversos materiais de traballo, de fragmetos dunha cronoloxía do azar que vagan á deriva por unha terra sempre omitida, por que se cadra só un fío pode sobrevoa-lo abismo.

Se, finalmente, a imposibilidade da tradución é a imposibilidade dunha tradución, entre o pasado e o presente, entre a linguaxe e a realidade, se trata de incluír esa imposibilidade, reflexivamente, na súa procura. Nunha lingua que se move así á *procura dunha procura*.



Este número foi elaborado na súa totalidade por todos aqueles que, nunha medida ou outra, participan en **Proxecto Derriba. Hauser** é, simplemente, un non lugar no que moran eventualmente aqueles que non se indentifican consigo mesmos.

## Documentos

### ***Acontecemento postmoderno e pulos utópicos.*** Sören Hauser

A postmodernidade presenta un momento do triunfo capitalista, un momento no que o capital deslocalízase e inmateralízase, superpóndose a si mesmo e fabricando a súa expansión a través dun mercado que conta coas súas mercadorías e bens de consumo xa presupostos. O capital coloca os bens como dispoñíbeis e así transfórmanse en anticipacións dos desexos, ou sexa, elimina a libre configuración dos desexos.

En todo o global existen marxes. Filosoficamente a deconstrución pode operar na postmodernidade traballando no seu interior e rompendo coa homoxeneidade presente nela. Se no postmoderno a heteroxeneidade chegou a tal punto de desenvolvemento que se converteu en “pastiche”, en algo xa homoxéneo, preséntase a tesitura de atoparnos con algo pechado e sen saída. A deconstrución pode, tal vez, desestruturar o pastiche e abrir o concepto de futuro, isto é, deixar paso ao Porvir. Socio-politicamente, as marxes son experiencias latentes e presentes, reaccións, implosións dos restos dos desexos formando propostas non articuladas: pulos utópicos. Pensamos na utopía como aquilo que pode dar saída ao pechado, que pode rachar co que xa está preestablecido, sorprendéndonos na súa forma vital xa inherente ao consumo, algo inesperábel e inanticipábel nun intre desesperado como este, algo que se presente con máscaras multifórmicas, abrindo liñas de fuga, fendas, fallas, a través de movementos sociais, multitudes, etc. Algo que rompese coa homoxeneidade sería o irreductiblemente heteroxéneo, o radicalmente outro, aquel e aquilo que vén.

### ***Unha deconstrución da soberanía "a paso de lobo"; lendo un(s) texto(s) de j. derrida.*** Drocha Hauser

A través dunha lectura do texto “*Le souverain Bien- ou l’Europe en mal de souveraineté*”, derradeira conferencia que Jacques Derrida impartiu en Francia, móstrase como a chamada “deconstrución da soberanía” non é simplemente un pensamento político. Con esta canle e entre as liñas desa mesma análise xurde a deconstrución dunha nova fronteira, a saber, a división tallante que, quizais, algúns especialistas “derridianos” ergueron baixo o nome “primeiro e segundo Derrida”, coma se o nome propio “Jacques Derrida” permanecese puro á contaminación que el mesmo predica.

### ***Vagar á deriva pola terra sempre omitida*** D@n Hauser

A mutación global do modelo de distribución-organización do poder, que abandona o vello esquema dos Estado nacionais e da paso a unha nova estrutura centrada na produción (inmaterial) económica, está a xerar unha transformación no eido do artellamento dos dispositivos de enunciación

significante que nos sitúa nun momento especialmente propicio para o asalto molecular, a sabotaxe rizomática e o apoderamento dos mecanismos que regulan a conformación da(s) realidade(s). Una lixeira análise destas transformacións que conforman o CMI, e unha pequena reflexión ó fío desta nova situación mundial postindustrial, en torno ás posibilidades que abre o fenómeno 2.0.

***Libra unha cronoloxía do Azar.*** Oskar Hauser.

Cal pode se-la historiografía do acontecemento? Nun procurar a través de *Libra* (Don DeLillo, 1988/2006) o relato sobre Lee Harvey Oswald albiscamos un movemento que vai dende o acontecemento ao relato, da escrita á lectura e de volta, nunha reescrita da ficción fundamental que é Historia. Que vaga na procura da apertura do histórico, do acontecemento, do indecible.

Se artella-lo pasado non significa coñecelo como verdadeiramente foi, nin acadar unha versión definitiva que permita una transición directa á acción, senón racha-lo lastre da certidume do progreso, propia da ideoloxía burguesa e da súa concepción do tempo, isto nos leva a preguntármonos polo tempo da revolución. Cal é o tempo da historiografía que vai narra-lo acontecemento se a revolución é indecible, porque se cadra o acontecemento, a revolución, non pode ser narrado, no pode ser recuperado pola historiografía. Porén, é posible axexa-lo segredo a partires sunha sorte de polígrafía, dunha escrita do múltiplo, máis axeitada cunha nova temporalidade e co baleiro do sentido, ambosdous incompatíbeis cunha substancialidade permanente.

## ***Entrevista***

*Jacques Derrida. Derradeiras verbas // Trad: D@n H.*

## ***Reseña***

*O Suxeito posmoderno // Txito H.*

## ***Derivas***

*Ultura*

## ***Contextos***

*Ferrol, 3 De Xuño // Beatriz.H.*

*As Encrobas unha comunidade no pe(i)to // S.H.*

## ***Ilustracións***

*Sao Hauser*